
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/69-1
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE CARIÑO	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	DENDE EMBARCACION	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	Dende Pedra Barcelona ata desembocadura do río Mera
Subzonas de explotación	Zona A: de punta do Cabo a desembocadura do río Mera Zona B: de punta do Cabo a punta do Limo Zona C: de punta do Limo a Pedra Barcelona Zona D: Aguillóns de cabo Ortegal

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	33	84+1
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	2	4

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		120										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾:												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	-	-	10 kg

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	---

Puntos de control	Local da lonxa de Cariño
Puntos de venda	Lonxa de Cariño

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembr												
Zonas:												



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: no plan inclúense un total de 34 embarcacións, cando conforme aos datos da Consellería hai 33 embarcacións co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de Cariño, e polo tanto autorizadas para traballar neste plan, ás que lles corresponden 84 cotas. Está pendente a concesión dunha nova habilitación no ano en curso, co que o número de cotas para o 2011 sitúase en 85.

No listado anexo ao plan inclúense as embarcacións que non teñen o recurso percebe no seu permex, polo que deben ser excluídas do plan Ademais, en dito listado, atópanse diferenzas na asignación de cotas ás seguintes embarcacións:

-
-
-
-
-
-

Así mesmo, advírtese a falla das embarcacións, ambas asociadas á confraría de Cariño e que contan coa arte de percebe no seu permex, e da embarcación, afundida e ofertada como baixa, polo que debe manterse reserva desta praza.

Ampliación: O estado deste recurso e a boa xestión da súa explotación permite aprobar a ampliación solicitada de 2 embarcacións e 4 habilitacións. A selección realizarase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños.

Xestión da explotación: A explotación no ámbito deste plan realízase durante todo o ano, mediante a rotación das catro zonas de produción.



Puntos de control: Determinábase como punto de control principal a lonxa de Cariño, aínda que se establecen 2 puntos de supervisión previos que funcionaran cando se pretenda incrementar o control sobre as extraccións:

- Rampla do carro varadoiro, no peirao de Cariño
- Embarcación de vixilancia

O paso polos puntos de supervisión, así como polo punto de control, é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan. A persoa responsable da supervisión e control é o vixiante da confraría ou, na súa ausencia, a asistencia técnica, que se encargará de pesar e anotar as capturas de cada embarcación antes de que pasen á zona de venda.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 pola que se regula a explotación de percebe: “a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.” En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Causa da exclusión das embarcacións